

## Camping Fontesin

Ctra.C-646,Meiras

15550 Valdoviño(A Coruña)

Teléfono: 981 485 028

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A entrada ao cámping está despexada de obstáculos tanto cara ao edificio de recepción-cafetaría, coma cara á zona de acampada.

#### Acceso

- O acceso e os itinerarios polo interior do cámping son por pavimento asfaltado.
- A entrada a recepción (que é en cafetaría) é accesible por unha pequena rampla de 1 m de longo, **1,09 m** de ancho e unha inclinación do **34,4%**.
- A porta é acristalada parcialmente e ten un ancho libre de paso de **1,07 m**.
- Dende a entrada ao cámping ata as parcelas de acampada o itinerario é accesible por camiños asfaltados.

#### Parcelas de cámping

- Accédese a elas por oco de paso amplo de **1,20 m** de ancho, dende a entrada ao cámping e cafetaría.
- As parcelas teñen un ancho de máis de **6 m** y **5 m** de largo.

#### Aseos comúns adaptados

- O itinerario é accesible e son cabinas independentes.
- A porta mide **84 cm** de ancho e abren cara ao exterior.
- O inodoro ten un espazo libre de achegamento pola fronte de 1,19 m e polo lado dereito de **1,30 m**, que permite facer a transferencia dende a cadeira de rodas. O asento está a unha altura de **43 cm** e o mecanismo de descarga está a **1,10 m**.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado esquerdo e outra abatible en lado dereito, situadas a **70 e 87 cm** e cunha separación entre ambas as dúas de **82 cm**.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **95 cm** de alto e **30 cm** de fondo que permite a aproximación frontal da cadeira de rodas. A billa require o xiro de pulso.
- A altura do bordo inferior do espello é de **1,20 m** e o resto dos accesorios do baño están á mesma altura.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada á cafetaría é por unha porta parcialmente acristalada e está sempre aberta.
- Accédese á zona de cámping, por un corredor de máis de **1,20 m** de ancho por unha zona de céspede e terra compacta.
- O portal de acceso ao cámping ten **7 m** de ancho e permanece sempre aberto.

- Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Sinalización

- O cámping non dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estanzas. Non dispoñen de información en braille nin en altorrelevo.

### Aseos Comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre" nin banda libre inferior que permita ver se hai alguén dentro deste

### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Cubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcamiento	Planta baixa	Accesible	Nas propias plazas do cámping
Cafetería	Planta baixa	Accesible	Ancho da porta: <b>1,07 m</b> Altura da barra: <b>93 cm</b> Mesas rectangulares de 4 patas. Altura de mesa: <b>74 cm</b> , Altura baixo mesa: <b>68 cm</b> Ancho baixo mesa: <b>69 cm</b> , Fondo baixo mesa: <b>59 cm</b> Non dispoñen de carta en braille.